

DISPOÑO:

Artigo único.—Declara-la utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para efectos de expropiación no proxecto das obras N/LU/87.6.1: Acondicionamento da estrada C-546 de Lugo a Ourense por Monforte de Lemos. Tramo: Nadela - Sarria p.q. 0/000 ata o 25/900.

Santiago de Compostela, trece de xuño de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cufiá Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Consellería de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 30 de maio de 1991 pola que se convocan bolsas e axudas de apoio á formación e actualización do persoal investigador.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece o Estatuto de autonomía para Galicia, que é a súa norma legal básica. O Estatuto de autonomía nos seus artigos 31 e 27.19 establece como competencia propia da Comunidade Autónoma de Galicia o fomento da investigación.

O Real decreto 1.754/1987, do 18 de decembro, tras pásalle á Comunidade Autónoma as competencias e servizos en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola Comunidade e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo, (DOG 8 de abril). Posteriormente, o Decreto 317/1990, do 31 de maio (DOG 19 de xuño) establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e asigna as competencias entre os seus centros directivos.

Así, á Dirección Xeral de Ordenación Universitaria e Política Científica correspóndelle, entre outras, a seguinte función:

A ordenación, a planificación e a execución das competencias en materia de fomento da investigación correspondentes á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación coas que lle atribúe á Comunidade Autónoma, neste tema, o artigo 27.19 do Estatuto de autonomía. A elaboración, a proposta e, se é o caso, a execución de plans específicos de apoio á formación e actualización do profesorado universitario e do persoal investigador.

O sistema universitario de Galicia que, segundo a Lei 11/1989, do 20 de xullo, está configurado por unha realidade universitaria tripartita —A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo—, definida como distrito escolar único, atópase neste momento nunha situación especial. O recoñecemento da autonomía e a coordinación son principios da nosa política, tanto respecto da universidade como respecto do fomento da investigación.

Con fidelidade a estes principios, a Dirección Xeral de Ordenación Universitaria e Política Científica está a realizar unha política orientada á coordinación dos recursos da investigación de Galicia, deseñando un sistema de fomento I+D que sexa motor do desenvolvemento productivo de Galicia.

Evidentemente, este obxectivo da política científica ten realización concreta, porque está sustentado por un plan de financiamento do sistema universitario que encerra unha filosofía específica para os investimentos, a creación de servizos, a docencia e a investigación.

O plan de financiamento, aprobado pola Comisión 3.^a de Economía, Facenda e Presupostos, en sesión celebrada o día 17 de outubro de 1989, coa finalidade de que a comunidade coñeza con que diñeiro vai contar ata o ano 1996 para o desenvolvemento universitario, diseña unha estrutura económica que está orientada a corrixi-los desequilibrios entre as nosas universidades, garantindo un nivel de calidade razoable. Corrixi-los desequilibrios non quere dicir uniformar-las tres universidades, senón distribuí-los recursos de xeito tal que, ó remate do proceso, o persoal docente e investigador, a infraestrutura científica e de bibliotecas, a dotación dos servizos universitarios e maila configuración dos campus sexan as precisas para que, segundo a súa propia definición, cada unha das universidades do noso sistema poida crear e transmitir coñecementos, espallar cultura e dar pulo ó desenvolvemento de Galicia.

Trátase de pór en marcha un plan de accións estimulantes para a formación do persoal investigador da nosa Comunidade que non son incompatibles entre si, tal como se pode ver na convocatoria, e que, entre todas á vez, e cada unha por separado, contribúan a mellorar-la calidade apoiando a formación e actualización do profesorado e do persoal investigador da Comunidade Autónoma.

Concretamente cómpre subliñar-las modificacións de tipo procedemental que afectan ás bolsas predoutorais evitando trámites burocráticos e documentos que puidesen diminuí-la axilidade tanto da solicitude como da deliberación da comisión que ten que adxudicalas. Noutros casos as modificacións apuntan ás posibilidades de abri-lo abano de solicitantes; tal é o caso das bolsas de investigación para estadías de longa duración.

Así mesmo, co obxecto de favorecer-la análise do rendemento das investigacións financiadas, estas convocatorias que agora se publican fan especial fincapé nas posibilidades de seguimento das accións.

Por último, e como aínda non é posible amplia-la duración das bolsas predoutorais, pónense en marcha mecanismos que favorecen a prolongación, na práctica, do período de desfrute da bolsa con outras subvencións, como pode ser, solicitando as bolsas para estadias curtas (se aínda non é doutor), ou longa (se xa rematou a súa tese de doutoramento).

Cómpre destacar, para rematar, que todas estas accións proporcionan experiencias que incrementan a competencia investigadora. Nesta liña de reflexión nas accións insítese no carácter tutorado do proceso de formación dos investigadores. Precisamente por iso os directores de investigación avalarán os expedientes que correspondan ó traballo realizado polos bolseiros.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1.º

Convócanse as bolsas e axudas que a continuación se indican para apoio á formación e perfeccionamento do persoal investigador durante o curso 91/92, e apróbanse as bases polas que se rexerán as respectivas convocatorias, que se inclúen como anexos á presente orde:

1. Bolsas para realizar estudos de doutoramento (Prórrogas e novas adxudicacións. Anexo I).
2. Bolsas predoutorais (Prórrogas e novas adxudicacións. Anexo II).
3. Bolsas para estadias no estranxeiro e en centros españois de fóra da Comunidade Autónoma (Tipo A, de longa duración e tipo B, de curta duración. Anexo III).
4. Axudas para organización de congresos, simposios e seminarios que se celebren en Galicia (Anexo IV).
5. Axudas para asistencia a congresos, simposios, seminarios ou cursos monográficos (Anexo V).
6. Axudas para o financiamento de estadias de profesores visitantes (anexo VI).
7. Subvencións a publicacións periódicas (anexo VII).

Artigo 2.º

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá facer pública unha nova convocatoria, en iguais ou diferentes termos, no suposto de que as adxudicacións acordadas non cubran a totalidade do crédito presupostado.

Artigo 3.º

A convocatoria, as súas bases e todos cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei de procedemento administrativo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 1991.

Juan Piñeiro Permuy
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Ilmo. Sr. Director Xeral de Ordenación Universitaria e Política Científica

ANEXO I

BOLSAS PARA REALIZAR ESTUDIOS DE DOUTORAMENTO

Estas bolsas teñen como finalidade contribuir ó financiamento dos estudos de terceiro ciclo daqueles alumnos que en función da súa capacitación poidan converterse no xerme dunha nova xeración de investigadores.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas bolsas con cargo ás partidas presupostarias 007.004.431A.480, 007.004.432A.480 e 007.004.322C.442 do presuposto de gastos da Dirección Xeral de Ordenación Universitaria e Política Científica para o exercicio de 1991.

BASES DA CONVOCATORIA

A.—BOLSAS DE NOVA ADXUDICACIÓN

1.—Requisitos dos solicitantes.

Poderán solicitar as bolsas ás que se refire a presente convocatoria os licenciados, arquitectos e enxeñeiros que teñan nacionalidade española e que estean matriculados en programas de terceiro ciclo, impartidos nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela ou Vigo.

2.—Contía.

O importe das devantidas bolsas será de 45.000 ptas./mes para aqueles alumnos que teñan o domicilio familiar en localidade distinta daquela na que se imparte o programa, e de 35.000 ptas./mes para os que teñan residencia familiar no lugar onde se imparte o programa.

3.—Período de desfrute.

O período de desfrute será o correspondente ó curso académico 1991-92. As bolsas concedidas poderanse prorrogar de acordo coa normativa que se elabore para o efecto.

4.—Formalización das solicitudes.

4.1. As solicitudes, no modelo oficial n.º 11 (á disposición dos interesados nas dependencias da Dirección Xeral de Ordenación Universitaria e Política Científica), presentaranse conforme o procedemento habitual no Rexistro Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no do Rectorado da universi-